

INFORME SECTORIAL DE AUGAS DE GALICIA.

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL E DA SEPARATA DE AUGAS DE GALICIA DO PARQUE EÓLICO MEIRAMA – 76 (IN408A 2020/076).

UBICACIÓN: CONCELLOS DE CERCEDA E A LARACHA (A CORUÑA).

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN.

PROMOTOR: GREEN STONE RENEWABLE IV, SL.

Obxecto

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 26 de outubro de 2022, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, referente á obtención de informe, dentro das competencias de Augas de Galicia, acerca do documento do Estudo de Impacto Ambiental (EIA) (xaneiro2022-asinado 19/10/2022) do parque eólico Meirama - 76, -sobre as posibles afeccións do proxecto á rede hidrolóxica e á calidade das augas, medidas protectoras e correctoras, plan de vixilancia ambiental no seu caso, e cumprimento das directrices de planificación hidrolóxica-, e acerca da Separata de afeccións a bens dependentes desta Entidade (agosto 2022-asinado 22/09/2022), co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no artigo 127.2 e 131.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021 de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.

O Estudo de Impacto Ambiental (EIA) elabórase en cumprimento da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, segundo a cal o proxecto de execución deste parque eólico debe someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

A Separata de Augas de Galicia, ten por obxecto, -segundo indican na documentación aportada-, obter a conformidade de Augas de Galicia acerca da afección, -incluídos os cruces cos cursos fluviais-, que o parque eólico Meirama Modificado e as súas infraestruturas de evacuación producen sobre os ríos e outros cursos fluviais xestionados pola Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa.

Antecedentes

O 8 de novembro de 2022, publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 212) o Acordo do 27 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Meirama, denominado para os efectos de tramitación Meirama (76), nos concellos de Cerceda e A Laracha (A Coruña) (expediente IN408A 2020/076).

Analizada por Augas de Galicia a documentación recibida o 28 de outubro de 2022 e tendo en conta o establecido no artigo 7.3 do RDPH, o Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Norte de Augas de Galicia realiza en data 09.12.2022 unha visita de campo para verificar a posible afección do camiño de acceso ao aeroxerador ME-04 e zona de xiro disposta na zona de servidume dun leito grafado de xeito



descontinuo no visor de Augas de Galicia (IDCURSO=983610007868) que é tributario do rego das Brañas do Espindro (CODRIO= 204403802011) no entorno do punto de coordenadas (X=539.436,11, Y=4.783.120,91). O 12 de decembro de 2022, o xefe do servizo territorial (Zona Hidrográfica Galicia Norte) emite informe no senso que na visita de campo realizada obsérvase un leito fluvial definido coincidente co trazado grafado no visor e conclúe que o treito de leito que figura no visor de Augas de Galicia é o correcto na zona debéndose recoller tal feito no visor.

Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, (en diante TRLA).
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, (en diante RDPH).
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de Augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, (en diante PHGC).
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe é o ***"Estudio de Impacto Ambiental PE Meirama Modificado y LEMT 30 KV CCS "PE Meirama Modificado" – "SET Meirama". Enero 2022"***, (xaneiro2022- asinado 19/10/2022), redactado por un equipo multidisciplinar dirixido polo licenciado en bioloxía D. Jordi Solans Oste da empresa ADANTIA. Consta dunha memoria, planos e 12 anexos: Anexo A. Reportaxe fotográfica; Anexo B. Descrición e cartografía de vexetación e hábitats; Anexo C. Estudo faunístico; Anexo D. Estudo de impacto e integración paisaxística; Anexo E. Estudo acústico do proxecto; Anexo F. Medio socioeconómico e turístico; Anexo G. Análise do efecto parpadeo; Anexo H. Estudo arqueolóxico; Anexo I. Identificación e valoración de impactos; Anexo J. Plan de restauración; Anexo K. Estudo de sinerxias; Anexo L. Toma en consideración do documento de alcance. Todos os documentos están en formato dixital (pdf).

Tamén, apórtase a ***"Separata: Demarcación Hidrográfica Galicia - Costa del parque eólico Meirama Modificado (21 MW) y sus infraestructuras de evacuación, en los tt. mm. de Cerceda y A Laracha, (provincia de A Coruña). Agosto 2022"***, (agosto 2022- asinado 22/09/2022) e asinada pola enxeñeiro técnico industrial D. Carlos Valiño Colás da empresa BB1 International Engineering. O documento inclúe unha memoria e planos. Todos os documentos están en formato dixital (pdf).



A continuación describense brevemente as características técnicas das obras do parque eólico e das súas infraestruturas de evacuación, -da liña de alta tensión (LAT)-, segundo a documentación sometida a información pública.

Así, as obras do parque eólico Meirama sitúanse nos termos municipais de Cerceda e A Laracha (provincia da Coruña) –só unha parte do último tramo da LAT, subterráneo (tramo 4 da LAT) e unha pequena parte da SET Meirama 30/220 kV localízanse no concello de Carral. Encádranse (área de afección) nas áreas de desenvolvemento eólico (ADE): ADE I-9-4 Pedrouzos e ADE I-9-5 Pico Cedeira.

A poligonal dentro da que se enmarca o parque ven definida polas coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N) dos vértices que se indican a continuación:

Vértice poligonal	UTM-X	UTM-Y
1	541.024,89	4.781.322,71
2	536.859,35	4.783.918,93
3	537.746,14	4.785.248,56
4	539.431,62	4.785.111,04
5	540.413,70	4.786.382,61
6	542.501,92	4.785.903,99
7	543.652,90	4.784.611,99

De seguido, describense as características técnicas das instalacións, referidas na información pública:

- 4 aeroxeradores de 3,45 MW de potencia nominal unitaria, 2 aeroxeradores de 3,6 MW de potencia nominal unitaria, é dicir, 6 aeroxeradores en total. Os aeroxeradores teñen unha altura de buxa de 132 m e un diámetro de rotor de 136 m. Obtense unha potencia máxima do parque de 21 MW.

A localización dos aeroxeradores proxectados será a especificada na seguinte táboa mediante coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N):

AEROXERADOR	UTM-X	UTM-Y
ME-01	542.024,00	4.784.182,00
ME-02	540.473,00	4.783.843,00
ME-03	540.847,00	4.783.279,00
ME-04	539.123,00	4.783.455,00
ME-05	539.850,00	4.782.935,00
ME-06	540.693,00	4.783.553,00

- 6 centros de transformación tipo seco e illados mediante resina epoxi, de relación de transformación 0,69/30 kV, coas súas correspondentes celas de seccionamento, protección e remonte.
- Rede eléctrica soterrada de 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e o centro de seccionamento do parque, composta por 3 circuitos con condutores tipo RHZ1-OL 18/30 kV de seccións 95, 150, 240 mm² de aluminio.



- Rede de terras xeral de modo que as instalacións electromecánicas do parque formen un conxunto equipotencial. A rede de terras dos aerogeneradores será un condutor de Cu-50 mm² e do centro de seccionamento de Cu-150 mm².
- Rede de comunicacións constituída por condutor de fibra óptica.
- Unha torre de medición de 130 m.

A localización da torre de medición proxectada será a especificada na seguinte táboa mediante coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N):

Torre de medición	UTM-X	UTM-Y
TM	540.744	4.783.432

- Centro de seccionamento de 30 kV, que recollerá a enerxía xerada no parque e a evacuará mediante unha liña aérea de 30 kV, e recollerá datos para monitorización e control do parque.

A localización do centro de seccionamento proxectado será a especificada na seguinte táboa mediante coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N):

Centro de seccionamento e control	UTM-X	UTM-Y
1	539.956,00	4.783.211,00
2	539.962,00	4.783.206,00
3	539.954,00	4.783.198,00
4	539.949,00	4.783.203,00

Ao centro chegarán dous circuitos da rede soterrada de 30 kV; estas liñas conectaranse en paralelo ao embarrado de media tensión.

Os equipamentos auxiliares alimentaranse desde un transformador de servizos auxiliares de 50 kVA conectado a barras de media tensión.

Instalaranse celas con envolvente metálica coa seguinte configuración: 1 cela de medida; 4 celas de liña (3 entrada e 1 saída): circuito 1: 6,90 MW, circuito 2: 7,20 MW, circuito 3: 6,90 MW; 1 cela de transformador de servizos auxiliares.

O centro de control e seccionamento contará cun edificio que disporá das seguintes salas: unha sala independente para as celas de media tensión con illamento sólido ou en SF6 e transformador de servizos auxiliares; unha sala de equipamento para as instalacións de servizos auxiliares, mando, medida, proteccións, control e comunicacións do centro de control; unha sala para os equipamentos de control eólico do parque; vestiarios; unha sala para grupo electrógeno; un almacén.

Co fin de evacuar a enerxía xerada no parque eólico proxéctase unha liña de alta tensión (LAT) de 30 kV, de 11.957,34 km de lonxitude, con inicio no centro de seccionamento do parque Meirama (76) e fin na subestación Meirama 30/220 kV, con número de expediente IN408A 2018/27, de Naturgy Renovables, S.L.U. (formarán parte do presente proxecto as infraestruturas eléctricas complementarias ao proxecto de Naturgy Renovables, S.L.U.).



A LAT obxecto da presente tramitación componse dos seguintes tramos:

- Tramo 1: primeiro tramo soterrado, que ten orixe no centro de seccionamento Meirama (76) (situado nas coordenadas ETRS89: X= 539.960 e Y= 4.783.199) e fin no apoio nº 1 (situado nas coordenadas ETRS89: X= 539.971 e Y= 4.783.194) de 0,020 km de lonxitude e tipo de condutor RHZ1 2x(3x1x400 mm²) de 30 kV.
- Tramo 2: tramo aéreo que ten orixe no apoio nº 1 e fin no apoio nº 39 (situado nas coordenadas ETRS89: X= 543.725 e Y= 4.779.506) de 6.759 km de lonxitude e condutor do tipo LA-280 de 30 kV. Proxéctanse 39 apoios.
- Tramo 3: tramo soterrado que parte do apoio nº 39 e finaliza no apoio nº 40/V37 (situado nas coordenadas ETRS89: X= 544.106 e Y= 4.779.742) de 0,539 km de lonxitude e tipo de condutor RHZ1 2x(3x1x400 mm²) de 30 kV.
- Tramo 4: tramo aéreo con orixe no apoio nº 40/v37 e fin no apoio nº 73 (situado nas coordenadas ETRS89: X= 548.074 e Y= 4.780.096) de 5.197 km de lonxitude e condutor do tipo LA-280 de 30 kV. Proxéctanse 34 apoios.
- Tramo 5: tramo soterrado que parte do apoio nº 73 e finaliza na SET Meirama (situado nas coordenadas ETRS89: X= 548.038 Y= 4.779.574) de 0,780 km de lonxitude e tipo de condutor RHZ1 2x(3x1x400 mm²) de 30 kV. A configuración dos tramos aéreos é de simple circuíto, en disposición triangular, con condutor LA-280 e cable de garda de fibra óptica tipo OPGW. A posta á terra dos apoios será de cobre de 50 mm².

Os tramos soterrados levan dúas ternas de cables tipo RHZ1 (3x1x400) mm² Al enterrados en gabia, en disposición triangular, cable de comunicacións PKP e conexión de pantallas Single Point.

O obxecto do presente expediente son as infraestruturas eléctricas complementarias para a conexión do PE Meirama (76) 21 MW á subestación (SET) Meirama 30/220 kV, con número de expediente IN408A 2018/27, de Naturgy Renovables, S.L.U.: para o sistema de 220 kV establecerase un esquema dunha posición liña-trafo en intemperie composto por unha posición de transformación; a posta á terra da instalación estará dotada dunha malla de terra enterrada a 0,80 m de profundidade.

Desde a SET Meirama 30/220 kV evacuarase a enerxía conxuntamente ata a subestación Meirama de Red Eléctrica de España (REE) de 220 kV. Nin a liña de evacuación nin a subestación forman parte do presente proxecto.

A localización do transformador (situado na SET Meirama) proxectado será a especificada nas seguintes táboas, mediante coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29N):

Transformador situado na SET Meirama	UTM-X	UTM-Y
Envolvente	548.082,38	4.779.586,72
	548.087,63	4.779.587,01
	548.088,69	4.779.567,61
	548.083,44	4.779.567,32

Ademais das anteriores, a obra civil necesaria para a implantación das instalacións indicadas nos parágrafos anteriores, terá que incluír outras actuacións, -que se describen con máis detalle na documentación aportada para a emisión deste informe (EIA e Separata). É dicir:

- Accesos e vías interiores;

- Cimentacións para o ancoraxe das torres;
- Plataformas de montaxe e zonas auxiliares;
- Zonas de provisións temporais;
- Instalacións eléctricas de alta e baixa tensión;
- Rede de comunicacións;
- Centro de seccionamento;
- Liña de evacuación.

En xeral, as obras do parque son deseñadas baixo o criterio de reducir ao máximo o movemento de terras e, con elo, afectar á menor superficie posible e minimizar o impacto sobre a vexetación e os riscos erosivos.

- Accesos e vías interiores. Segundo se indica no apartado 5.1.3.1 da memoria do EIA e no apartado 1.2.1 do capítulo II da Separata, a rede de vías do parque pretende proporcionar un acceso ata cada aeroxerador, -partindo de dous accesos desde a estrada que une O Portoso e Cerceda-, minimizando a afección dos terreos polos que discorren mediante a máxima utilización dos camiños existentes. Polo tanto, defínense novos trazados unicamente nos casos imprescindibles, respectando a rasante natural do terreo.

As vías proxectadas teñen unha anchura total de entre 4,5 e 6 metros, segundo as especificacións do fabricante.

- Canalizacións e drenaxes. Segundo indican no apartado 5.1.3.4.1 da memoria do EIA e no apartado 1.2.5 do capítulo II da Separata, será necesario construír pasos de auga para permitir o drenaxe libre das escorrentas e protexer, deste xeito, as vías e as zonas próximas da erosión. Os drenaxes laterais serán máis profundos que a base das vías para impedir a inundación da mesma. A pendente lateral da vía permite evacuar a auga da superficie sen erosionar a base do camiño.
- Cimentacións. Segundo o apartado 5.1.3.3 da memoria do EIA e no apartado 1.2.3 do capítulo II da Separata, a cimentación dos aeroxeradores prevese mediante elementos tipo zapata de formigón armado coa xeometría, dimensións e armado de acordo coas recomendacións do fabricante de aeroxeradores. Así, a cimentación tipo componse dunha zapata circular de diámetro de 18 m, aproximadamente, coa estrutura de ancoraxe da torre embebida no centro, -todo o conxunto é de formigón armado.
- Plataformas de montaxe e zonas de provisións. Segundo se recolle no apartado 5.1.3.2 da memoria do EIA e no apartado 1.2.2 do capítulo II da Separata, considérase un tipo de plataforma de dimensións aproximadas 25 x 50 m para todos os aeroxeradores, que servirán como patio de manobra de grúas, para o ensamblaxe de pezas. Adicionalmente, despéxase un área temporal, anexa á plataforma, que será utilizada como provisión das palas, -só implica nivelación, en caso de ser necesario, e desmonte da área. Tamén, dispórase da explanación para a localización da maquinaria utilizada no izado de colocación da nacelle e para o apoio do brazo da grúa principal do izaxe.
- Zonas de provisións temporais. No apartado 5.1.3.4 da memoria do EIA e no apartado 1.2.4 do capítulo II da Separata, refírense a estas zonas que se empregarán exclusivamente durante a fase de construción do parque. Trátase da zona de provisión das pas e da zona de plataforma temporal, todo elo integrado no conxunto do deseño das plataformas asociadas a cada aeroxerador.



- Instalacións eléctricas de alta e baixa tensión. Segundo o apartado 5.1.3.5 da memoria do EIA e no apartado 1.3 do capítulo II da Separata, as redes de distribución da enerxía eléctrica propóñense mediante cables de 30 kV enterrados en gabias, -aproximadamente 6,71 quilómetros de tramos de circuitos irán enterrados en gabia. As características das gabias detállanse nos planos do proxecto e varían segundo o número de circuitos a instalar en cada tramo, -no parque eólico defínense 3 circuitos: circuito 1 (ME04, ME05), circuito 2 (ME-01, ME-03) e circuito 3 (ME-06, ME-02).

As canalizacións dispóñense procurando que o trazado sexa o máis rectilíneo posible e respectando os radios de curvatura mínimos de cada un dos cables a tender. Asemade, deséñase o seu trazado ao longo dos camiños de acceso aos aeroxeradores, intentando minimizar o número de cruces dos camiños de servizo, a afección ao medio ambiente e aos propietarios das fincas polas que transcorren.

No parque proxéctanse 2 tipos de gabia: gabia normal (0,60 m x 1,10 m, para os 3 circuitos) e gabia para cruces (0,60 m x 1,10 m, circuito 1; 0,90 m x 1,10 m, circuito 2). As canalizacións en cruces serán entubadas e estarán constituídas por tubos de material sintético e magnético, formigonados, de suficiente resistencia mecánica, debidamente enterrados en gabias. O diámetro exterior dos tubos será de 200 mm para o tendido dos cables. As gabias escavaranse segundo as dimensións indicadas nos planos e atendendo ao número de cables a instalar. As súas paredes serán verticais e proveeranse de entibacións nos casos nos que a natureza do terreo o faga necesario. Os cables entubados irán situados a 1 m de profundidade.

A rede subterránea de alta tensión encargárase da evacuación da enerxía xerada por cada un dos aeroxeradores ata a subestación.

- Rede de comunicacións. Segundo o apartado 5.1.3.6 da memoria do EIA e o apartado 1.3 do capítulo II da Separata, esta rede, -para a monitorización e control do parque-, empregará como soporte un cable de fibra óptica que unirá todos os aeroxeradores co centro de control. O cable de fibra tenderase nas mesmas gabias dispostas para a evacuación da enerxía eléctrica, a unha profundidade aproximada de 85 centímetros.
- Centro de control e seccionamento. Segundo o apartado 5.1.4 da memoria do EIA, este centro contará cun edificio que disporá de varias salas, -tal e como se describe no Acordo do 27 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública o expediente deste parque eólico e das súas infraestruturas de evacuación. Tamén, contará con dous vestiarios, un deles con ducha.

No apartado 5.2 da memoria do EIA e no capítulo III da Separata descríbense as instalacións e obras necesarias para a implantación da liña eléctrica de alta tensión (LAT) "PE Meirama Modificado" – "SET Meirama". É dicir:

- As características xerais da liña de evacuación resúmense na seguinte táboa (táboa 11 da memoria do EIA):

Concellos	Cerceda e A Laracha (Provincia de A Coruña)
Tensión Nominal	30 kV
Tensión mais elevada	45 kV
Frecuencia	50 Hz



Potencia a transportar	21 MW
Lonxitude	Aérea: tramo nº1: 6,759 km tramo nº2: 5,197 km Subterránea: tramo nº1: 0,020 km tramo nº2: 0,539 km tramo nº3: 0,779 km
Nº de circuitos	Un
Configuración de fases	Tresbolillo
Nº condutores por fase	Un (simplex)
Tipo e sección condutores	Aéreo: LA-280/281,1 mm ² Subterráneo: RHZ1 2x(3x1x400) mm ² Al
Nº cable de terra	Uno
Tipo	Aéreo: OPGW (fibra óptica) Subterráneo: PKP (fibra óptica)
Nº Apoios	73
Tipo apoios	Metálicos de celosía das series Halcón, Halcón Real, Águila Real e CÓNDR (IMEDEXSA)
Aisladores	Vidro templado, tipo caperuza e vástago U100 BS

- Tal como se recolle no Acordo do 27 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública o expediente do parque eólico Meirama -76, a liña de evacuación ten 3 tramos soterrados e 2 aéreos. As coordenadas dos vértices dos tramos soterrados indícanse nos apartados 5.2.1, 5.2.3 e 5.2.5 da memoria do EIA e no apartado 1 do capítulo III da Separata. As coordenadas dos apoios dos tramos aéreos indícanse nos apartados 5.2.2 e 5.2.4 da memoria do EIA e no apartado 1 do capítulo III da Separata.
- Tamén, tal como se recolle no apartado 5.2 da memoria do EIA, a liña é de 3ª categoría e está na zona A.
- No apartado 4.4 do capítulo III da Separata descríbense as cimentacións dos apoios da LAT. Así, estas serán de tipo fraccionada en catro macizos independentes. Estarán constituídas por un bloque de formigón por cada un dos ancoraxes do apoio ao terreo, debendo asumir os esforzos que recibe o apoio. Cada bloque de cimentación sobresairá do terreo, como mínimo 25 cm, formando zócalos, co gallo de protexer os extremos inferiores dos montantes e das súas unións; os ditos zócalos terminarán en punta para facilitar, asemade, a evacuación da auga de choiva. As súas dimensións serán as facilitadas polo fabricante segundo o tipo de terreo (normal).
- No apartado 5.2 do capítulo III da Separata descríbese, brevemente, a obra civil necesaria para a evacuación da LAT, que consiste, fundamentalmente, na apertura de gabias. Así, as canalizacións dispoñeranse de xeito que o trazado sexa o máis rectilíneo posible e respectando os radios de curvatura mínimos de cada un dos cables a tender. Na gabia as fases estarán, dispostas en triángulo e todos os tubos quedarán embebidos nun prisma de formigón. A profundidade da gabia será, en xeral, de 1,10 m. E a súa anchura será variable, de acordo coa cantidade de ternas nela.

No apartado 8.1.1.3.1 da memoria do EIA identifícanse os cruces das obras do parque eólico cos cursos fluviais presentes na zona de estudo (Táboa 46 da memoria do EIA):



Curso fluvial	Código río	Infraestrutura	X (UTM)	Y (UTM)	id
Rego do Cotovil	-	Vías existentes A	540148	4783706	1
Rego do Casal	2040380201	Vías existentes A	539626	4782930	2
Rego do Casal	2040380201	Vías existentes A	539811	4783048	3
Rego das Brañas do Espindro	20403802011	Vías existentes A	539813	4783049	4
Rego do Cotovil	-	Gabias A	540148	4783706	5
Rego do Cotovil	-	Gabias A	540157	4783701	6
S/N	-	Gabias A	539448	4783130	7
Rego de Parada	204038	Gabias A	541030	4783917	8
Rego de Parada	204038	Gabias A	541110	4783634	9
S/N	-	Gabias A	539437	4783123	10
S/N	-	Vías novas A	539448	4783130	11
S/N	-	Vías novas A	539437	4783123	12

No apartado 8.1.1.3.2 da memoria do EIA identifícanse os cruces das obras da liña de evacuación cos cursos fluviais presentes na zona de estudo (Táboa 26 da memoria do EIA):

Curso fluvial	Código río	Tipo de cruce	X (UTM)	Y (UTM)	id
Rego de Xermar	20403804	Aéreo	541.910	4.780.241	1
Rego de Xermar	20403804	Aéreo	542.598	4.779.395	2
Rego do Acevedo	204038	Aéreo	542.954	4.779.454	3
S/N	-	Aéreo	542.395	4.779.381	4
S/N	-	Aéreo	541.639	4.779.678	5
S/N	-	Aéreo	541.837	4.780.108	6
S/N	-	Aéreo	541.553	4.781.338	7
Rego do Cotovil	-	Aéreo	540.700	4.782.213	8
S/N	-	Aéreo	540.938	4.782.003	9
Rego das Brañas do Espindro	20403802011	Aéreo	540.260	4.782.982	10
S/N	12201904	Aéreo	544.364	4.779.904	11
S/N	-	Aéreo	544.665	4.780.097	12
S/N	12201904	Aéreo	544.142	4.779.835	13
S/N	12201904	Aéreo	544.195	4.779.895	14
S/N	12201906	Aéreo	547.476	4.780.189	15
S/N	-	Aéreo	544.672	4.780.160	16
Rego de Morzós	-	Aéreo	546.147	4.780.893	17
S/N	-	Aéreo	544.863	4.780.712	18
S/N	-	Aéreo	545.661	4.781.164	19
Rego de Croeda	-	Aéreo	546.724	4.780.495	20



No apartado 9.4.1.5 da memoria do EIA descríbense os impactos que as obras do parque eólico proxectado, -nas fases de construción, explotación ou funcionamento e desmantelamento-, poden causar sobre a hidroloxía e o drenaxe: así, na fase de construción prevén que o impacto producido pola construción de vías e apertura de gabias sexa moderado, mentres que o producido polo acondicionamento e reposición dos terreos afectados prevén que sexa positivo; os impactos durante a fase de explotación considéranse pouco significativos; e na fase de desmantelamento din que non se rexistra ningún efecto producido polas diversas actuacións nesta fase do proxecto. No apartado 9.4.1.6 da memoria do EIA descríbense os impactos que as obras do parque eólico proxectado, -nas fases de construción, explotación ou funcionamento e desmantelamento-, poden causar sobre a calidade das augas: así, na fase de construción considérase a posibilidade de que se produzan arrastres de materiais expostos á choiva coa construción e/ou modificación de vías e polas escavacións das gabias e plataformas e, tamén, vertidos accidentais nas instalacións das obras, -non obstante, prevén que o impacto producido nesta fase sexa moderado; os impactos durante a fase de explotación non se consideran significativos; e na fase de desmantelamento din que, ao igual que na fase de construción, existe a posibilidade de que se produzan vertidos accidentais nas instalacións das obras, -non obstante, estes impactos considéranse pouco significativos, sempre que se sigan as medidas preventivas e correctoras propostas no EIA.

Asemade, no apartado 9.4.2.6 da memoria do EIA descríbense os impactos que as obras da liña de evacuación proxectada, -nas fases de construción, explotación ou funcionamento e desmantelamento-, poden causar sobre a hidroloxía e o drenaxe: así, na fase de construción prevén que o impacto producido pola adecuación dos accesos temporais e o tendido do cableado sexa compatible, mentres que o resto das accións consideran que xeran impactos pouco significativos, salvo o producido polo acondicionamento e reposición dos terreos afectados que consideran que xera un impacto positivo; os impactos durante a fase de explotación considéranse pouco significativos; e na fase de desmantelamento din que non se rexistra ningún efecto producido polas diversas actuacións nesta fase do proxecto. No apartado 9.4.2.7 da memoria do EIA descríbense os impactos que as obras da liña de evacuación proxectada, -nas fases de construción, explotación ou funcionamento e desmantelamento-, poden causar sobre a calidade das augas: así, na fase de construción considérase a posibilidade de que se produzan vertidos accidentais nas instalacións das obras, -non obstante, non prevén que o impacto producido nesta fase sexa significativo; non se prevén impactos durante a fase de explotación; e na fase de desmantelamento din que, ao igual que na fase de construción, existe a posibilidade de que se produzan vertidos accidentais nas instalacións das obras, -non obstante, estes impactos considéranse pouco significativos, sempre que se sigan as medidas preventivas e correctoras propostas no EIA.

No capítulo 12 da memoria do EIA incorpóranse as medidas correctoras e protectoras, entre outras, ás referidas ao sistema hidrolóxico e, tamén, á calidade das augas (apartado 12.1.5) que poden xerar as distintas actividades que se levan a cabo para a execución das obras (na fase de construción) e, tamén, durante as fases de explotación (apartado 12.2.2) e desmantelamento, -nesta última serán as mesmas medidas que durante a fase de construción.

No capítulo 13 da memoria do EIA inclúese o programa de vixilancia ambiental referido á fase previa á construción, á fase de construción e á de explotación das obras proxectadas, -en concreto, no apartado 13.2 recóllense as actuacións a realizar relativas ao control da rede hidrolóxica e da calidade das augas na fase de construción e no apartado 13.3 as previstas na fase de explotación. No apartado 13.4 indícase que na fase de desmantelamento, dentro do programa de vixilancia ambiental, tamén se realizarán actuacións relativas ao control da rede hidrolóxica e da calidade das augas.



No documento I. Planos do EIA incorpórase o plano nº 4 "Hidroloxía", -neste obsérvase que a rede hidrográfica reflectida é similar á rede fluvial de detalle actualizada ao ano 2021 da que dispón Augas de Galicia (dispoñible na web <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>).

E, finalmente, no Anexo J do EIA incorpórase o plan de restauración previsto nas fases de construción e desmantelamento.

Cómpre indicar que coa documentación do EIA deste parque eólico e as súas infraestruturas de evacuación tamén se aporta a "Addenda al Estudio de impacto Ambiental PE Meirama Modificado y LEMT 30 KV CCS "PE Meirama Modificado" – "SET Meirama. Junio 2022"" (promotor: Green Stone Renewable IV, SL), se ben segundo se indica nela, este documento ten por obxecto realizar a valoración ambiental da SET (subestación) Meirama 30/220 kV que se proxecta como complemento ás infraestruturas de Naturgy (nº de expediente IN408A 2018/27). Non obstante, tal como se expresa no Acordo do 27 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública os documentos que forman parte do expediente do proxecto do parque eólico Meirama -76 e as súas infraestruturas de evacuación, o obxecto do dito expediente (IN408A 2020/076) son as infraestruturas eléctricas complementarias para a conexión do PE Meirama (76) 21 MW á subestación (SET) Meirama 30/220 kV, con número de expediente IN408A 2018/27, de Naturgy Renovables, SLU, -nembargantes, a SET referida emprázase nunha zona na que non se producen afeccións directas á rede hidrolóxica xestionada por Augas de Galicia.

No apartado 2.3 do capítulo II da Separata para Augas de Galicia aportada expóñense, brevemente, as afeccións que consideran que poden causar as obras do parque eólico aos cursos fluviais existentes no seu ámbito de implantación, as cales se reflicten na táboa que se incorpora a continuación.

ID	Tipo	Coord. X	Coord. Y	Elemento afectado
DH01	Gabia + Vía+ OD01	539.630	4.782.925	Rego do Casal
DH02	Gabia + Vía+ OD02	539.814	4.783.044	Rego das Brañas do Espindro
DH03	Gabia + Vía+ OD03	540.145	4.783.702	Rego do Cotovil
DH04	Gabia + Vía+ OD04	541.809	4.784.148	Innominado
DH05	Gabia	541.072	4.783.974	Rego de Parada
DH06	Gabia	541.069	4.783.743	Rego de Parada
DH07	Gabia	541.107	4.783.630	Rego de Parada

Estas afeccións tamén se recollen no plano nº 2 "Afecciones a Demarcación Hidrográfica Galicia - Costa" da Separata, aínda que a rede hidrográfica que se reflicte nel non coincide exactamente coa rede fluvial de detalle actualizada ao ano 2021 da que dispón Augas de Galicia (dispoñible na web <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>).

No apartado 2.4 do capítulo III da Separata indícase que os ditos cruces coa rede fluvial resolveranse mediante as actuacións propostas no plano "Cruzamento eléctrico con cuerpos de agua de pequeno volumen e obras de drenaje", -que se incorpora na Separata. Así, nese plano (n.º 3) propónse dous tipos de cruce a realizar segundo cada caso particular, é dicir: para corpos de auga de maior volume permanente empregárase a inca de tubo por debaixo do curso fluvial; para corpos de auga de baixa densidade, estacionaria que permita a construción, empregárase a bancada eléctrica.

Tamén, cómpre comentar que no plano n.º 4 da Separata *“Obras de drenaxe con cauces de auga de pequeno volumen”*, propónse, -nos cruces das vías e camiños-, a execución de obras de drenaxe transversal con conducións en paralelo de 600/800/1.200 mm de diámetro) e mesmo vaos, para a evacuación da auga, cun 1% de pendente transversal.

E no apartado 6.1 do capítulo III da Separata para Augas de Galicia aportada expóñense, brevemente, as afeccións (por cruzamento, paralelismo ou proximidade) que consideran que poden causar as obras da liña (tramos aéreos) de evacuación aos cursos fluviais existentes no seu ámbito de implantación, as cales se reflicten na táboa que se incorpora a continuación.

APOIOS	AFECCIÓN/ORGANISMO
2-3	Cruzamento con Rego das Brañas do Espindro DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
7-8	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
8-9	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
14-15	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
20-21	Cruzamento con Rego de Xermar DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
21-22	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
24-25	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
30-31	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
31-32	Cruzamento con Rego de Xermar DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
34-35	Cruzamento con Rego do Acevedo DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
40-41	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
41-42	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
42-43	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
45-46	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
45-46	Cruzamento con Rego das Fontiñas DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
49-50	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
53-54	Cruzamento con Barranco DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA
59-60	Cruzamento con Rego de Morzós DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA

Cómpre sinalar que no apartado 6.2 exprésase que o trazado da liña, na súa parte subterránea, non afectará a bens xestionados por esta Entidade.

Finalmente, indícase que estas afeccións tamén se recollen no plano n.º 6 *“Afecciones con Demarcación Hidrográfica Galicia - Costa”* da Separata, no que se reflicte a altura da liña aérea (cableado) en cada tramo sobre os diferentes cursos fluviais.

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.



Rede fluvial

As obras do parque eólico Meirama - 76 e da LAT de evacuación de 30 kV sitúanse nos termos municipais de Cerceda e A Laracha (provincia da Coruña), -só unha parte do último tramo da LAT, subterráneo (tramo 4 da LAT) e unha pequena parte da SET Meirama 30/220 kV localízanse no concello de Carral-, e dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Os sistemas de explotación (SE) nos que se localizan as obras e as instalacións son o número 6 "RÍO TAMBRE E RÍA DE MUROS E NOIA", 10 "RÍO ANLLONS, COSTA DE A CORUÑA ATA LÍMITE DE ARTEIXO" e 11 "RÍO MERO, ARTEIXO E RÍA DE A CORUÑA".

Discorren próximos ás actuacións definidas na documentación de referencia e, nalgúns casos, están afectados por estas, os seguintes cursos fluviais identificados no visor de Augas de Galicia (rede fluvial de detalle do ano 2021): o rego do rego das Brañas do Espindro (2040380201) e os seus tributarios como é o rego do Casal (2040380201); o rego de Cotovil (2040380201) e os seus tributarios; o rego de Parada (204038) e os seus tributarios; o rego de Lavandeiras (149001) e os seus tributarios como é o rego das Brañas do Feo (sen codificar); o rego do Acevedo (204038) e os seus tributarios; o rego de Xermar (20403806) e os seus tributarios; o rego de Barcés (122019) e os seus tributarios como o rego de Croeda (sen codificar) e o rego de Morzós (sen codificar); o rego do Colo (12201906) e os seus tributarios; así como varios leitos innominados (codificados e sen codificar) afluentes destes.

Pódense consultar e contrastar todos os datos expostos neste apartado na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Detállanse, a continuación as afeccións ao medio hídrico por parte das instalacións e os accesos a este parque eólico proxectados, detectadas segundo o visor indicado e a documentación achegada.

Instalacións do PE Meirama -76:

Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía/ Zona de Servidume/Dominio público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Separata/no EIA	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
1	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego do rego das Brañas do Espindro (2040380201).	Zona de policía, servidume e cruce.	Na Separata aportada non se identifica a afección. No apartado 8.1.4.3.1 da memoria do EIA identifícase a afección (2 cruzamentos) a un leito innominado: afeccións nº 10, pola gabia e nº 12, polas vías novas A; e afeccións nº 7, pola gabia e nº 11, polas vías novas A. As ditas afeccións prodúcense no entorno dos puntos de coordenadas UTM (X=539.437, Y=4.783.123) no tocante as afeccións nº 10 e 12) e (X=539.448, Y=4.783.130) no caso das afeccións nº 7 e 11. Tamén, no plano nº 4 "Alternativas seleccionadas" do EIA reflíctese a afección á zona de policía deste leito fluvial, pola gabia e pola vía de acceso aos aeroxeradores (nova) así como os cruces (2 da vía e 1 da gabia) destes elementos co dito leito.	Afección á zona de policía do leito innominado pola vía interior (nova) de acceso aos aeroxeradores e pola gabia para canalización eléctrica que parte do aeroxerador ME04 aproximadamente, entre os puntos de coordenadas (X=539.419, Y=4.783.230) e (X=539.485, Y=4.783.035). Afección pola vía de acceso (nova) á zona de servidume deste leito (paralelismo) nunha lonxitude duns 40 m, no entorno do punto de coordenadas (X=539.405, Y=4.783.103), aproximadamente. O cruzamento da vía e da gabia co leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas (X=539.450, Y=4.783.131) e, tamén, prodúcese un cruce da vía co leito no entorno do punto de coordenadas (X=539.429, Y=4.783.118). O informe da xefatura territorial da zona hidrográfica Galicia-Centro conclúe que o treito de leito que figura no visor de Augas de Galicia é o



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía/ Zona de Servidume/Dominio público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Separata/no EIA	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
				correcto na zona, debéndose recoller tal feito no visor. O leito innominado presenta unha conca de aportación inferior a 1 km ² .
2	Leito innominado tributario do rego do Casal (2040380201).	Zona de policía.	Na Separata aportada non se identifica a afección. No plano nº 4 "Alternativas seleccionadas" do EIA reflíctese a afección, pola gabia e pola vía (existente, na súa meirande parte, e de nova construción nun pequeno treito), á zona de policía dese leito fluvial.	Afección á zona de policía do leito innominado pola vía de acceso aos aeroxeradores (existente, na súa meirande parte, e de nova construción nun pequeno treito) e pola gabia para canalización eléctrica que se estende entre os aeroxeradores ME04 e ME05, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=539.498, Y=4.783.007) e (X=539.597, Y=4.782.936). O leito innominado presenta unha conca de aportación inferior a 1 km ² .
3	Rego do Casal (2040380201).	Zona de policía e cruce.	Na Separata aportada (no apartado 2.3 da memoria e no plano 02 "Afecciones a Demarcación hidrográfica Galicia - Costa") identifícase un cruzamento (DH01) da gabia, da vía e da OD01 co rego do Casal, no entorno do punto de coordenadas (X=539.630, Y=4.782.925). Do dito plano dedúcese que producirase afección, tamén, á zona de policía dese leito pola vía e pola gabia e mesmo por parte das instalacións que conforman o aeroxerador ME05. No apartado 8.1.4.3.1 da memoria do EIA identifícanse a afección nº 2 (1 cruzamento) e a afección nº 3 (1 cruzamento) ao rego do Casal polas vías existentes A, no entorno dos puntos de coordenadas UTM (X=539.626, Y=4.782.930) e (X=539.811, Y=4.783.048), respectivamente. Tamén, no plano nº 4 "Alternativas seleccionadas" do EIA reflíctese a afección á zona de policía deste leito fluvial, pola gabia, pola vía de acceso aos aeroxeradores (existente, na súa meirande parte, e de nova construción nun pequeno treito) e pola vía de acceso ao aeroxerador ME05, así como por parte da plataforma e do voo das pas deste aeroxerador.	Afección á zona de policía do rego do Casal pola vía de acceso aos aeroxeradores (existente) e pola vía que accede, en concreto, ao aeroxerador ME05 (nova vía), e tamén, pola gabia para canalización eléctrica que se estende entre os aeroxeradores ME04 e ME05, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=539.499, Y=4.783.002); (X=539.848, Y=4.782.954) e (X=539.872, Y=4.783.129), respectivamente. Tamén, prodúcese afección á zona de policía deste leito polo voo das pas do aeroxerador ME05, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=539.785, Y=4.782.916) e (X=539.891, Y=4.782.989). O cruce da vía de acceso aos aeroxeradores e da gabia prodúcese no entorno do punto de coordenadas (X=539.625, Y=4.782.931), aproximadamente, e, tamén, prodúcese outro cruce da vía de acceso aos aeroxeradores (existente) na confluencia deste rego co rego das Brañas do Espindro, no entorno do punto de coordenadas (X=539.813, Y=4.783.050), aproximadamente.



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía/ Zona de Servidume/Dominio público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Separata/no EIA	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
4	Rego das Brañas do Espindro (2040380201).	Zona de policía e cruce.	Na Separata aportada (no apartado 2.3 da memoria e no plano 02 "Afecciones a Demarcación hidrográfica Galicia - Costa") identifícase un cruzamento (DH02) da gabia, da vía e da OD02 co rego das Brañas do Espindro, no entorno do punto de coordenadas (X=539.814, Y=4.783.044). Do dito plano dedúcese que producirase afección, tamén, á zona de policía deste leito polas vías (existentes, de acceso aos aeroxeradores; novas, de acceso, en concreto, ao aeroxerador ME05) e pola gabia e mesmo por parte das instalacións que conforman o aeroxerador ME05. No apartado 8.1.4.3.1 da memoria do EIA identifícase a afección nº 4 (1 cruzamento) ao rego das Brañas do Espindro polas vías existentes A, no entorno do punto de coordenadas UTM (X=539.813, Y=4.783.049). Tamén, no plano nº 4 "Alternativas seleccionadas" do EIA reflíctese a afección á zona de policía deste leito fluvial, pola gabia, polas vías de acceso aos aeroxeradores (existentes, de acceso aos aeroxeradores; novas, de acceso, en concreto, ao aeroxerador ME05), así como por parte da plataforma e do voo das pas do aeroxerador ME05.	Afección á zona de policía do rego das Brañas do Espindro pola vía de acceso aos aeroxeradores (existente) e pola vía que accede, en concreto, ao aeroxerador ME05 (nova vía), pola gabia para canalización eléctrica que se estende entre os aeroxeradores ME04 e ME05 e, tamén, pola plataforma, cimentación e outras instalacións que conforman o aeroxerador ME05, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=539.751, Y=4.782.968); (X=539.751, Y=4.782.967); (X=539.925, Y=4.782.918); e (X=539.875, Y=4.783.131) Tamén, prodúcese afección á zona de policía deste leito polo voo das pas do aeroxerador ME05, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=539.783, Y=4.782.948) e (X=539.916, Y=4.782.917). O cruce da vía de acceso aos aeroxeradores (existente) e da gabia prodúcese na confluencia deste rego co rego das Brañas do Espindro, no entorno do punto de coordenadas (X=539.813, Y=4.783.050), aproximadamente.
5	Leito innominado (20403802011).	Zona de policía e cruce.	A documentación aportada non identifica esta afección.	Afección á zona de policía do leito innominado pola vía de acceso aos aeroxeradores (existente) e pola vía que accede, en concreto, ao aeroxerador ME05 (nova vía), pola gabia para canalización eléctrica que se estende entre os aeroxeradores ME04 e ME05 entre os puntos de coordenadas (X=539.753; Y=4.782.968); (X=539.794, Y=4.782.960); (X=539.830, Y=4.782.967); e (X=539.869, Y=4.783.125) Tamén, prodúcese afección á zona de policía deste leito polo voo das pas do aeroxerador ME05, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=539.788, Y=4.782.962) e (X=539.872, Y=4.782.999). O cruce da vía de acceso aos aeroxeradores (existente) e da gabia prodúcese na confluencia deste rego co rego das Brañas do Espindro, no entorno do punto de coordenadas (X=539.813, Y=4.783.050), aproximadamente.



Nº	Curso fluvial afectado (segundo a rede fluvial de detalle 2021)	Cruce/Zona de Policía/ Zona de Servidume/Dominio público hidráulico (DPH) (segundo o visor)	Tipo de afección descrita na Separata/no EIA	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle 2021 (coordenadas UTM ETRS89 H29)
6	Rego do Cotovil (sen codificar) tributario do rego do Cotovil (2040380201).	Zona de policía e cruce	Na Separata aportada (no apartado 2.3 da memoria e no plano 02 "Afecciones a Demarcación hidrográfica Galicia - Costa") identifícase un cruzamento (DH03) da gabia, da vía e da OD03 co rego do Cotovil, no entorno do punto de coordenadas (X=540.145,Y=4.783.702). No apartado 8.1.4.3.1 da memoria do EIA identifícanse as afeccións nº 1 (1 cruzamento, das vías existentes A), nº 5 e nº 6 (2 cruzamentos, da gabia ao rego do Cotovil), no entorno do punto de coordenadas UTM (X=540.148, Y=4.783.706) (afeccións nº 1 e 5) e (X=540.157 e Y=4.783.701) (afección nº 6). Tamén, no plano nº 4 "Alternativas seleccionadas" do EIA reflíctese a afección á zona de policía deste leito fluvial, pola gabia e pola vía de acceso aos aeroxeradores (existente).	Afección á zona de policía do rego do Cotovil pola vía de acceso aos aeroxeradores (existente) e pola gabia para canalización eléctrica que se estende entre os aeroxeradores ME02 e ME05 aproximadamente, entre os puntos de coordenadas (X=540.088, Y=4.783.624) e (X=540.253, Y=4.783.749). O cruce da vía de acceso aos aeroxeradores (existente) e da gabia prodúcese no entorno do punto de coordenadas (X=540.148, Y=4.783.706), aproximadamente.
7	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego do Cotovil (2040380201).	Zona de policía.	A documentación aportada non identifica esta afección.	Afección á zona de policía do leito innominado pola vía de acceso aos aeroxeradores (existente) e pola gabia para canalización eléctrica que se estende entre os aeroxeradores ME02 e ME05 aproximadamente, entre os puntos de coordenadas (X=540.089, Y=4.783.629) e (X=540.187, Y=4.783.719).
Do apoio nº 20 ao apoio nº 21.	Rego de Xermar (20403804).	26,94 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 21 ao apoio nº 22.	Leito innominado (20403806).	28,10 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 24 ao apoio nº 25.	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego de Xermar (20403806).	17,42 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 30 ao apoio nº 31.	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego de Xermar (20403806).	15,79 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 31 ao apoio nº 32.	Rego de Xermar (20403806).	12,71 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 34 ao apoio nº 35.	Rego do Acevedo (204038).	20,91 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 40 ao apoio nº 41.	Leito innominado (12201904).	15,38 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 41 ao apoio nº 42.	Leito innominado (12201904).	11,97 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 42 ao apoio nº 43.	Leito innominado (sen codificar) tributario tributario do leito innominado (12201904).	19,45 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 45 ao apoio nº 46.	Leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904).	20,17 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 45 ao apoio nº 46.	Leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904).	14,80 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 49 ao apoio nº 50.	Leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904).	26,13 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 53 ao apoio nº 54.	Leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904).	32,95 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 59 ao apoio nº 60.	Rego de Morzós (sen codificar) tributario do rego de Barcés (122019).	15,09 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 64 ao apoio nº 65.	Rego de Croeda (sen codificar) tributario do rego de Barcés (122019).	24,92 m.	7,30 m / 13,10 m.
Do apoio nº 68 ao apoio nº 69.	Rego do Colo (sen codificar) tributario do rego do Colo (12201906).	11,18 m (segundo o visor non se produce cruce co leito, se ben estaría afectada a zona de policía deste)	7,30 m / 13,10 m.



Tramo aéreo	Curso fluvial afectado (segundo o visor)	Altura sobre o cauce no punto de cruzamento (segundo a documentación aportada)	Altura mínima segundo o RPDH
Do apoio nº 69 ao apoio nº 70.	Leito innominado (12201906).	15,75 m.	7,30 m / 13,10 m.

Asemade, lémbrese que, con carácter xeral e de acordo co punto 5 da ITC-LAT 07, a instalación dos apoios realizarase a unha distancia de 25 metros e, como mínimo, vez e media a altura dos apoios, desde o borde do cauce fluvial correspondente ao caudal de máxima avenida, -poderase admitir a colocación de apoios a distancias inferiores se existe a autorización previa da Administración competente.

Recoméndase que na documentación a aportar inicialmente para a tramitación da autorización se inclúan, un plano de situación a escala suficiente, especificando claramente a traza da liña respecto aos cauces públicos afectados (sinalando as dúas marxes do cauce) e os apoios, os planos de planta coas coordenadas dos apoios e os cruzamentos, así como a distancia dos apoios as marxes dos cauces, no caso de estar en zona de policía. Sinalar en todo caso, que os apoios deberán estar fóra da zona de servidume. Deberanse incluír igualmente perfís transversais da liña, nos que queden reflexadas as marxes dos leitos, os apoios e os cables, acoutando a altura mínima dos cables sobre o nivel das máximas crecidas ordinarias, tendo en conta o expresado nos parágrafos anteriores. Nese momento procedementa poderase solicitar por parte de Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria.

Para a execución de novos camiños de acceso, modificacións dos existentes ou construción de gabias que requiran actuacións localizadas en zona de Dominio Público Hidráulico ou en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Así, tendo en conta o arquivo "shape" facilitado coa documentación achegada (Separata e EIA) coa solicitude deste informe pola xefatura territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, e comprobado no visor de Augas de Galicia, as afeccións detectadas sobre cursos fluviais da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, polos accesos aos apoios son os que se indican a continuación:

Nº afección	Nº tramo	Apoio	Curso fluvial afectado (segundo o visor)	Cruce/ Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección detectada no Visor de Augas de Galicia (coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29)
1	1	Apoios nº 2 e 3	Rego das Brañas do Espindro (2040380201).	Zona de policía e cruce	Afección á zona de policía do rego das Brañas do Espindro polo camiño de acceso ao apoio nº 2, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=540.051, Y=4.782.948) e (X=540.129, Y=4.783.078) (apoio nº 2)-, e polo camiño de acceso ao apoio nº 3, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=540.304, Y=4.782.892) e (X=540.322, Y=4.782.936) (apoio nº 3). O cruce do camiño do acceso ao apoio nº 2 co dito rego prodúcese no entorno do punto de coordenadas (X=540.057, Y=4.783.056).
2	1	Apoios nº 3 e 4	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego do Cotovil (20403802).	Zona de policía	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 3, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=540.248, Y=4.782.686) e (X=540.217, Y=4.782.733) e polo camiño de acceso ao apoio nº 4, -entorno ao punto de coordenadas (X=540.313, Y=4.782.655).



Nº afección	Nº tramo	Apoio	Curso fluvial afectado (segundo o ...)	Cruce/ Zona de Policía (segundo o ...)	Tipo de afección detectada no Visor de Augas de Galicia (coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29)
3	1	Apoios nº 6 e 7	Rego do Cotovil (2040380201).	Zona de policía	Afección á zona de policía do rego de Cotovil polo camiño de acceso ao apoio nº 6, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=540.647, Y=4.782.442) (apoio nº 6) e (X=540.699, Y=4.782.425)-, e polo camiño de acceso ao apoio nº 7, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=540.608, Y=4.782.349) e (X=540.641, Y=4.782.277) (apoio nº 7).
4	1	Apoio nº 7	Rego do Cotovil (20403802).	Zona de policía	Afección á zona de policía do rego de Cotovil polo camiño de acceso ao apoio nº 7, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=540.574, Y=4.782.375) e (X=540.641, Y=4.782.277) (apoio nº 7).
5	1	Apoios nº 8 e 9	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego de Cotovil (20403802).	Zona de policía e cruce	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 8, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=540.851, Y=4.782.051) (apoio nº 8) e (X=540.900, Y=4.782.086)-, e polo camiño de acceso ao apoio nº 9, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=540.944, Y=4.781.946) e (X=541.047, Y=4.781.919). O cruce do camiño de acceso ao poio nº 9 co dito leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas (X=540.950, Y=4.781.944).
6	1	Apoio nº 14	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego de Cotovil (20403802).	Zona de policía.	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 14 no entorno da coordenada (X=541.499, Y=4.781.366).
7	1	Apoio nº 17	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego do Acevedo (204038).	Zona de policía	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 17, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=541.975, Y=4.781.040) e (X=541.983, Y=4.781.070) (apoio nº 17).
8	1	Apoio nº 21	Rego de Xermar (20403804).	Zona de policía	Afección á zona de policía do rego de Xermar polo camiño de acceso ao apoio nº 21, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=541.846, Y=4.780.124) e (X=541.900, Y=4.780.190) (apoio nº 21).
9	1	Apoio nº 21	Leito innominado (20403806).	Zona de policía e cruce	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 21, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=541.793, Y=4.780.047) e (X=541.900, Y=4.780.190) (apoio nº 21)-, e polo camiño de acceso ao apoio nº 22, -no entorno do punto de coordenadas (X=541.785, Y=4.780.025). O cruce do camiño de acceso ao apoio nº 21 co dito leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas (X=541.831, Y=4.780.112).
10	1	Apoio nº 22 e 23	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego de Xermar (20403806).	Zona de policía	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 21, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=541.794, Y=4.780.047) e (X=541.830, Y=4.780.112)-, polo camiño de acceso ao apoio nº 22, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=541.792, Y=4.780.049), (X=541.773, Y=4.780.025) (apoio nº 22) e (X=541.745, Y=4.779.912)-, e polo camiño de acceso ao apoio nº 23, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=541.674, Y=4.779.892) e (X=541.676, Y=4.779.898) (apoio nº 23).



Nº afección	Nº tramo	Apoio	Curso fluvial afectado (segundo o	Cruce/ Zona de Policía (segundo o	Tipo de afección detectada no Visor de Augas de Galicia (coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29)
11	1	Apoio nº 25	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego de Xermar (20403806).	Zona de policía e cruce	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 25, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=541.583, Y=4.779.764) e (X=541.736, Y=4.779.585). O cruce do camiño de acceso ao apoio nº 25 co dito leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas (X=541.629, Y=4.779.674).
12	1	Apoio nº 30	Leito innominado (sen codificar) tributario do rego de Xermar (20403806).	Zona de policía e cruce	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 29, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=542.284, Y=4.779.395) e (X=542.328, Y=4.779.390)-, polo camiño de acceso ao apoio nº 30, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=542.331, Y=4.779.379) e (X=542.353, Y=4.779.387) (apoio nº 30)-, e polo camiño de acceso entre os apoios nº 30 e 31, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=542.353, Y=4.779.387) (apoio nº 30) e (X=542.506, Y=4.779.368) (apoio nº 31).
13	1	Apoio nº 31, 32 e 33	Rego de Xermar (20403806).	Zona de policía	Afección á zona de policía do rego de Xermar polo camiño de acceso ao apoio nº 31, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=542.438, Y=4.779.374) e (X=542.506, Y=4.779.367) (apoio nº 31)-, polo camiño de acceso ao apoio nº 32, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=542.643, Y=4.779.409) e (X=542.691, Y=4.779.429)-, e polo camiño de acceso ao apoio nº 33, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=542.740, Y=4.779.398) e (X=542.775, Y=4.779.441).
14	1	Apoio nº 34	Rego do Acevedo (204038).	Zona de policía	Afección á zona de policía do rego de Acevedo polo camiño de acceso ao apoio nº 34, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=542.874, Y=4.779.488) e (X=542.933, Y=4.779.453) (apoio nº 34).
15	2	Apoios nº 40, 41 e 42	Leito innominado (12201904).	Zona de policía e cruce	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso entre os apoios nº 40 e 41, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.106, Y=4.779.742) (apoio nº 40) e (X=544.164, Y=4.779.893) (apoio nº 41)-, polo camiño de acceso ao apoio nº 41, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.164, Y=4.779.893) (apoio nº 41) e (X=544.205, Y=4.779.993)-, e polo camiño de acceso ao apoio nº 42, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.213, Y=4.779.955) e (X=544.292, Y=4.779.900) (apoio nº 42). O cruce do camiño de acceso entre os apoios nº 40 e 41 co dito leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas (X=544.116, Y=4.779.811) e o cruce do camiño de acceso ao apoio nº 42 co dito leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas (X=544.233, Y=4.779.912).
16	2	Apoios nº 42 e 43	Leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904).	Zona de policía	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 42, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.255, Y=4.779.905) e (X=544.292, Y=4.779.900) (apoio nº 42)-, e polo camiño de acceso ao apoio nº 43, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.452, Y=4.779.918) e (X=544.464, Y=4.779.913).
17	2	Apoio nº 45 e 46	Leito innominado (sen codificar) tributario do	Zona de policía	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 45, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.537, Y=4.780.093) e (X=544.660, Y=4.780.053) (apoio nº 45) e polo camiño de acceso ao apoio nº 46,



Nº afección	Nº tramo	Apoio	Curso fluvial afectado (segundo o	Cruce/ Zona de Policía (segundo o	Tipo de afección detectada no Visor de Augas de Galicia (coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29)
			leito innominado (12201904).		aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.698, Y=4.780.208) e (X=544.677, Y=4.780.199) (apoio nº 46).
18	2	Apoio nº 45 e 46	Leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904).	Zona de policía	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 45, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.537, Y=4.780.093) e X=544.660, Y=4.780.053 (apoio nº 45) e polo camiño de acceso ao apoio nº 46, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.677, Y=4.780.199) (apoio nº 46) e (X=544.712, Y=4.780.302).
19	2	Apoios nº 45 e 47; 48, 49, 50 e 51	Rego das Fontiñas (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904).	Zona de policía, servidume e cruce	Afección á zona de policía do rego das Fontiñas polo camiño de acceso ao apoio nº 45, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.524, Y=4.780.099) e (X=544.660, Y=4.780.053) (apoio nº 45)-, polo camiño de acceso ao apoio nº 46, - entre os puntos de coordenadas (X=544.677, Y=4.780.199) (apoio nº 46) e (X=544.697, Y=4.780.208)-, e polo camiño de acceso ao apoio nº 47, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.568, Y=4.780.358) e (X=544.669, Y=4.780.343). Tamén, no entorno do punto de coordenadas (X=544.568, Y=4.780.358), prodúcese o cruce do dito camiño co rego e a afección á súa zona de servidume . Asemade, prodúcese afección á zona de policía deste rego polo camiño de acceso cara aos apoios nº 48, 49, 50 e 51, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.559, Y=4.780.478) e (X=544.592, Y=4.780.557).
20	2	Apoios nº 48, 49, 50 e 51	Leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904).	Zona de policía, servidume e dominio público hidráulico (DPH)	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso cara ao apoio nº 48, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.584, Y=4.780.537) / (X=544.617, Y=4.780.628) / e (X=544.766, Y=4.780.529); cara ao apoio nº 49, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.725, Y=4.780.566) e (X=544.774, Y=4.780.642); e cara os apoios nº 50 e 51, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.617, Y=4.780.628) e (X=544.667, Y=4.780.736). Asemade, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.626, Y=4.780.626) e (X=544.693, Y=4.780.589), prodúcese a afección, polo camiño de acceso cara ao apoio nº 49, á zona de servidume dese leito (nuns 77 metros de lonxitude) e mesmo ao DPH. E no entorno do punto de coordenadas (X=544.619, Y=4.780.640) prodúcese o cruce do camiño de acceso cara aos apoios nº 50 e 51 con ese leito.
21	2	Apoios nº 49, 50 e 51	Leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904).	Zona de policía e cruce	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 49, -aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.784, Y=4.780.651) e (X=544.842, Y=4.780.666) (apoio nº 49)-, e polo camiño de acceso cara aos apoios nº 50 e 51, - aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=544.644, Y=4.780.682) / (X=544.742, Y=4.780.870) / e (X=544.932, Y=4.780.787). O cruce do camiño de acceso cara os apoios nº 50 e 51 co dito leito prodúcese no entorno do punto de coordenadas (X=544.681, Y=4.780.778).



Nº afección	Nº tramo	Apoio	Curso fluvial afectado (segundo o ...)	Cruce/ Zona de Policía (segundo o ...)	Tipo de afección detectada no Visor de Augas de Galicia (coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29)
22	2	Apoio nº 69	Rego do Colo (sen codificar) tributario do rego do Colo (12201906).	Zona de policía	Afección á zona de policía do rego do Colo polo camiño de acceso ao apoio nº 69, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=547.181, Y=4.780.246) / (X=547.237, Y=4.780.274) e (X=547.306, Y=4.780.234).
23	2	Apoios nº 70	Leito innominado (12201906).	Zona de policía	Afección á zona de policía do leito innominado polo camiño de acceso ao apoio nº 70, aproximadamente entre os puntos de coordenadas (X=547.485, Y=4.780.176) e (X=547.528, Y=4.780.183) (apoio nº 70).

Con respecto á afección nº 20 descrita na taboa anterior de afeccións polos camiños de acceso aos apoios, cómpre indicar novamente que evitárase a afección á zona de servidume de leitos polas obras de execución dos novos camiños, -e por calquera outra infraestrutura ou instalación do parque-, ou as que se precisen para a modificación ou o acondicionamento dos existentes, -fundamentalmente, as que poidan supoñer unha ampliación das súas dimensións, a execución de novos noiros (terraplén ou recheo e desmontes), etc., sen prexuízo dos cruzamentos dos leitos que resulten necesarios e que se resolverán mediante a execución das obras de drenaxe ou estruturas de paso que resulten pertinentes.

Cómpre indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH deberase solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.

Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, no entorno das actuacións propostas no parque eólico e nas súa liña de evacuación da enerxía, localízanse as seguintes zonas protexidas que poden verse afectadas polas mesmas, -tanto as recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC actualmente vixente, así como nas zonas protexidas a nivel europeo, internacional, estatal ou autonómico.

ZONAS PROTEXIDAS PHGC	NOME	CODIFICACIÓN	Observacións
Tramo interese especies ameazadas	Humidal de Barrañán	ES014TIE000000029	A uns 10,6 quilómetros ao norte das obras do parque eólico.
ZONAS PROTEXIDAS NIVEL INTERNACIONAL	NOME	CODIFICACIÓN	Observacións
Reserva biosfera	Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo-Zona de Transición	-	A uns 165 metros ao leste do apoio nº 73 do tramo 2 da LAAT e colindante coa SET (subestación transformadora); ademais, atópase a uns 3,4 quilómetros ao nordeste das obras do parque eólico.



ZONAS PROTEXIDAS NIVEL EUROPEO	NOME	CODIFICACIÓN	Observacións
Zonas sensibles	Encoro de Beche	ES014ZSENPZSGC18	A uns 8 quilómetros ao sueste do tramo 2 da LAAT.
Zonas sensibles	Encoro de Vilasenín o San Cosmade	ES014ZSENPZSGC19	A uns 2,1 quilómetros ao sur do tramo 2 da LAAT.
Zona de captación de zona sensible	-	ESCM1222	A uns 6,3 quilómetros ao norte das obras do parque.
Zona de captación de zona sensible	-	ESCM1214	A uns 4,8 quilómetros ao leste do tramo 2 da LAAT.
Zona de captación de zona sensible	-	ESCM1219	A uns 6,3 quilómetros ao leste do tramo 2 da LAAT.
Zona de captación de zona sensible	-	ESCM1220	A uns 480 metros ao sur do apoio nº 43 do tramo 2 da LAAT; a SET (subestación transformadora) localízase dentro desta zona.
Zona de captación de zona sensible	-	ESCM1206	A uns 10 quilómetros ao noroeste das obras do parque eólico.
ZEC	Encoro de Abegondo	ES014ZECES1110004	A uns 8,5 quilómetros ao nordeste do tramo 2 da LAAT.
ZEC	RUo Tambre	ES014ZECES1110016	A uns 8,1 quilómetros ao sur do tramo 1 da LAAT.
ZEC	RUo Anllóns	ES014ZECES1110015	A uns 9,5 quilómetros ao oeste das obras do parque eólico.
ZEC	Costa da Morte	ES014ZECES1110005	A uns 10,6 quilómetros ao norte das obras do parque eólico.
Perímetro augas minero termais	Balneario de Arteixo	ES014PAMT15011	A uns 8,3 quilómetros ao norte das obras do parque eólico.
ZONAS PROTEXIDAS NIVEL ESTATAL OU AUTONÓMICO	NOME	CODIFICACIÓN	Observacións
-	-	-	-

No apartado 8.1.4.2 da memoria do EIA, referido ás zonas protexidas e captacións para abastecemento humano, exprésase que *"El extremo sureste del área de estudio se extiende sobre parte de un área definida como "Área de captación de zona sensible", vinculada a la zona sensible Encoro de Villasenín o San Cosmade."* Ademais, engádesse que *"La actuación proyectada en este ámbito es la canalización de unos 85 metros del tramo soterrado final a través del que la línea finaliza en la SET Meirama y se inscribe completamente en los terrenos de la antigua Central térmica de Meirama, por lo que no se espera la generación de afecciones sobre esta zona protegida como consecuencia de la implantación del proyecto."*

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

No tocante ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC en vigor correspondente ao ciclo 2015-2021, -aprobado polo Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro-, coa



información dispoñible, a máis próxima ao parque e á súa liña de evacuación da enerxía, considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras, é a seguinte:

CAPTACIÓNS (PHGC 2015-2021)

NOM_ZPROT	Código	Coordenada X	Coordenada Y
MORZOS	ES014CACH000000288	545.804	4.780.496

Cómpre indicar que o PHGC correspondente ao ciclo 2021-2027, pendente de ratificación polo Consello de Ministros, recolle as Zonas de Captación para Abastecemento Humano. Así, localízase unha, considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras.

CAPTACIÓNS (PHGC 2021-2027)

NOM_ZPROT	Código	Coordenada X	Coordenada Y
-	ES014ABST-PCuw-2040	547.394	4.780.153

Asemade, no dito apartado 8.1.4.2 da memoria do EIA sinálase a existencia dunha captación subterránea para abastecemento humano (código ES014ABST-PCuw-2040) na parroquia de San Román das Encrobas que din que se sitúa a uns 45 m ao sur do trazado do tramo aéreo da liña de evacuación e que non se verá afectada directamente polas infraestruturas do proxecto.

Non obstante, deberase atender ás prescricións feitas na planificación hidrolóxica sobre estas zonas, no caso de que puidesen resultar afectadas, así como aos condicionantes establecidos polos organismos competentes.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos cumpren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ámbalas dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de



planificación de carácter territorial ou urbanístico" deberase incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito, cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo á súa realización, segundo



proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádese que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádese que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>, pódense consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e ás zonas de fluxo preferente.

Segundo este visor, o ámbito de actuación **non está afectado por ningunha ARPSI fluvial**.

Aproveitamentos hídricos

Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito da actuación (considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras):

Clave	Titular	Coord. X (Datum inscripción)	Coord. Y (Datum inscripción)
DH.C15.01404	Comunidade de usuarios	540.440	4.784.091
		540.463	4.784.076
		540.563	4.784.097
		540.511	4.784.015
		540.563	4.784.016
		541.218	4.783.772
		541.216	4.783.767
DH.A15.16122	Particular	540.900	4.782.360
DH.A15.20909	Particular	540.791	4.781.790
DH.A15.23368	Particular	542.202	4.778.873

Destacar que, no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudio, deberase contemplar a súa reposición.



O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

"Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte.

(...)

2. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...

(...)

6. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escuramentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao Dominio Público Hidráulico.(...)."

Cómpre engadir que, segundo os criterios desta Entidade:

- Non se admiten as ODTs (obras de drenaxe transversal) con conducións en paralelo, -tal como se reflicten no plano nº 4 *"Obras de drenaxe con cauces de auga de pequeno volumen"* da Separata-, debendo dispoñer, no seu lugar, unha sección hidráulica que abraza polo menos todo o ancho do leito (nas seccións próximas tanto augas arriba como augas abaixo) e que sexa equivalente como mínimo a unha sección circular de 800 mm de diámetro.
- Nos cursos catalogados como rede hidrográfica básica nos ámbitos non urbanos, non estará permitido o uso de marcos ou tubaxes que modifiquen a morfoloxía do leito, polo que haberán de empregarse solucións que non modifiquen esta morfoloxía (por exemplo con tipoloxías tipo pórtico).

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das funcións de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que os novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia, segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH.

Neste senso, lémbrese que non se permite a execución de vaos ou pasos de auga construídos sobre a plataforma dos camiños ou vías de acceso nos lugares nos que se intercepten fluxos naturais de auga ou nos sexa necesario evacuar os caudais cara á marxe contraria. Sinalar que este tipo de instalacións teñen carácter temporal, e deben ser retiradas ao finalizar as actuacións a realizar. De ser necesarias obras de carácter permanente, e para que poidan ser autorizables, deben executarse as obras de drenaxe transversal pertinentes.

Segundo se indica no apartado 5.5.3.2 da memoria do EIA, *"En la fase de explotación no se realizará ningún vertido al dominio público toda vez que ninguna de las instalaciones ejecutadas es susceptible de generar aguas residuales"* e *"El edificio de control, que cuenta con aseos, dirigirá las aguas a un depósito estanco, cuyo contenido será retirado periódicamente por un gestor autorizado"*. Engádese que *"... las aguas pluviales incidentes sobre la superficie del parque (incluyendo los viales) no son susceptibles de verse afectadas en sus características, por lo que no tienen la consideración de vertidos a los efectos de lo establecido en el artículo 100 del Texto refundido de la Ley de Aguas."*

Asemade, por esta Entidade, cómpre lembrar que se fose preciso realizar un aproveitamento de augas, deberase solicitar ante este Organismo de Conca, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa.

E lémbrese, tamén, que, en todo caso, se houberse algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Conca, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as condicións particulares deste informe.

Condicións particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstos, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os leitos disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata os leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.



No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, en zona de policía, a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ao remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de préstamos en zona de policía de leitos.

Conclusión

Vista a documentación aportada en relación **ao Estudo de Impacto Ambiental e á Separata para Augas de Galicia do parque eólico Meirama -76 (21 MW)**, -e as súas infraestruturas eléctricas de evacuación-, nos concellos de Cerceda e A Laracha (provincia da Coruña), no presente informe emítense, segundo o solicitado, consideracións sobre as posibles afeccións do proxecto á rede hidrolóxica e á calidade das augas, cruzamentos, paralelismos, medidas protectoras e/ou correctoras e plan de vixilancia ambiental, acreditando que o proxecto podería causar impactos ambientais sobre o medio hídrico non evitables coas medidas propostas polo promotor, destacando pola súa importancia as afeccións á zona de servidume por parte de determinados elementos do parque e a súa liña de evacuación que non darían cumprimento ao indicado no artigo 7.3 do RDPH.

Aos efectos deste organismo de conca, para dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, e non afectar a zona de servidume dos leito innominado (sen codificar) tributario do rego do rego das Brañas do Espindro (2040380201) descrito na afección nº 1 da táboa de afeccións das **Instalacións do PE Meirama -76**, deberase axustar o deseño da zona de xiro e camiño de acceso ao aeroxerador ME-04 no entorno do punto de coordenadas (X=539.405, Y=4.783.103). Do mesmo a afección nº 10 da táboa de afeccións das **Instalacións do PE Meirama -76** presenta un treito de paralelismo en zona de servidume do rego de Parada (204038) entre os puntos de coordenadas (X=541.023, Y=4.783.900) e (X=541.081, Y=4.783.979), co obxecto de minimizar a afección á zona de servidume do devandito curso fluvial deberase valorar a posibilidade de executar nese treito a gabia fóra da zona de servidume do leito.

Por outra banda, con respecto a afección nº 11 descrita na taboa de afeccións da liña de evacuación **LAT 30 kV (PE Meirama (76) - SET Meirama 30/220 kV)** deberase adoptar as medidas oportunas para non afectar a zona de servidume do leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (20403806) no entorno da coordenada (X=541.759, Y=4.780.037) coa ocupación temporal de dita zona durante a obra de construción do apoio nº 22.

Finalmente con respecto a afección nº 20 ao leito innominado (sen codificar) tributario do leito innominado (12201904), descrita na **taboa de afeccións polos camiños de acceso aos apoios**, polo acceso aos apoios nº 48, 49, 50 e 51 lémbrese que se debe evitar a afección da zona de servidume do leito por obras de execución de novos camiños ou as que se precisen para a modificación ou o acondicionamento dos existentes, fundamentalmente as que poidan supoñer unha ampliación das súas dimensións, a execución de novos noiros (terraplén ou recheo e desmontes), etc., sen prexuízo dos cruzamentos dos leitos que resulten necesarios e que se resolverán mediante a execución das obras de drenaxe ou estruturas de paso que resulten pertinentes.



Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara á non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na documentación sometida a informe.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)

